

PROXECTO: INNOVACIÓN NO PROCESO PRODUCTIVO PARA UNHA APICULTURA SUSTENTABLE

A apicultura é unha das actividades agrogandeiras de maior tradición en Galicia. Nos últimos anos incorporouse unha boa cantidade de mozos/as, sen embargo, é unha actividade moi vulnerable aos cambios que suceden nun entorno globalizado actual.

Este proxecto de “**Innovación no proceso productivo para unha apicultura sustentable**” pretende fomentar un sector apícola productivo, competitivo, con alto grado de resiliencia ás ameazas, e polo tanto, economicamente viable.

Ten como obxectivo principal incrementar a competitividade e sustentabilidade do sector apícola galego, a través da diversificación da produción e a redución dos custes de produción, especialmente no caso dos asociados debido ás perdas provocadas polo cambio climático, o ácaro *Varroa destructor* e a *Vespa velutina*.

O proxecto dirixirase a promocionar a produción de pole e propóleos e a indagar nas calidades destes produtos. Así mesmo, seleccionaranse os formulados alimenticios que mellores resultados presenten de cara a unha alimentación eficiente das abellas e manter a supervivencia das colmeas nos momentos de asedio por parte da *Vespa velutina*. A introdución das novas tecnoloxías de monitorización remota das colmeas, baseado na tecnoloxía IoT para un mellor control do estado das colmeas de maneira remota, obtendo os parámetros idóneos para aplicación dos tratamentos que optimicen as súa efectividade e poder estimar as necesidades alimenticias das colmeas. A consecuencia de todo isto redúcese a pegada de carbono e incrementase a rendibilidade da explotación.

Esta tecnificación busca a mellora nas explotacións e a modernización das mesmas permitindo o manexo axeitado das colmeas de forma rendible e sostible, a redución da taxa de abandono das explotacións, a produción de produtos apícolas de calidade con alto valor engadido, o aseguramento da calidade alimentaria e a introdución en mercados máis exixentes.

Dito proxecto no que participan Agrupación Apícola de Galicia, CFEA Sergude (Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude), Universidade de Vigo e o Consello Regulador da I.X.P. Mel de Galicia está encadrado entre as axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento no ámbito agroforestal, está cofinanciado co **Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Europa inviste no rural

**PROXECTO: INNOVACIÓN NO PROCESO PRODUTIVO PARA UNHA
APICULTURA SUSTENTABLE**

PROMOTOR: AGRUPACIÓN APÍCOLA DE GALICIA

INVESTIMENTO: 127.197,19 €

AXUDA PÚBLICA: 101.757,15 €

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014_2020

**MEDIDA: APOIO DE PROXECTOS PILOTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS
PRODUCTOS, PRÁCTICAS, PROCESOS E TECNOLOXÍAS NO ÁMBITO AGROFORESTAL**